



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Módulo I: Lexislación social I

**GRUPO:** Cursos Xustiza

**ÁREA:** Itinerarios formativos

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	25
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	XUSTIZA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2016
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 12/02/2016 - 08:00h ao 22/02/2016 - 14:00h

**RESPONSABLE:** ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRIPCIÓN CURSO

Trátase de proporcionar unha formación avanzada sobre as disposicións xerais da Lei de procedemento laboral e a tramitación do procedemento ordinario, cun estudo fundamentalmente práctico dende unha perspectiva dunha tramitación informática áxil.

Farase fincapé tamén nunha das modalidades procesuais mais habituais nos Xulgados do Social coma son os despedimentos.

O enfoque do curso pretende ser de carácter práctico, cunha visión esquemática do procedemento, para que o destinatario do curso teña unha visión clara e ordenada das normas reguladores e principios xerais do procedemento laboral e dos trámites procesuais e resolucións con guías e esquemas de tramitación en Minerva-Nox.

### DESTINATARIOS

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

### PROGRAMA

MODULO I: O proceso laboral: Principios que o informan. Competencia obxectiva e territorial. Cuestións de competencia. Abstención e recusación. As partes procesuais, a representación, a defensa, a intervención dos sindicatos e do Fondo de Garantía Salarial.

MODULO II.- A acumulación de procesos. Os actos procesuais. A evitación do procedemento: A conciliación previa, a reclamación previa.

MODULO III.- Actos preparatorios. Dilixencias preliminares. Anticipación e medidas de garantía da proba. As medidas preventivas. O procedemento ordinario.

MODULO IV.- Os despedimentos: O despedimento disciplinario, a extinción do contrato por causas obxectivas, os despedimentos colectivos por causas económicas, organizativas, técnicas o de produción ou derivadas de forza maior. A execución provisional das sentenzas de despedimento. A execución das sentenzas firmes de despedimentos. A reclamación ao Estado de pagamentos de salarios de tramitación nos procedementos por despedimento.

MODULO V.- Prestacións da Seguridade Social. Do procedemento de oficio e do de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de Seguridade Social non prestacional. Do procedemento de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de Seguridade Social excluídos os prestacionais. A execución provisional das sentenzas condenatorias en materia de Seguridade Social. A execución das sentenzas fronte a entes públicos.

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### T01

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 04/04/2016 a 29/04/2016

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

LUIS VIDAL MARTINEZ

MANUEL PARDO CID